



ASOCIACIÓN VIEIRO

A EXPERIENCIA DE EDUCAR PARA A SAÚDE NA ESCOLA

Curso prevención alumnado de Educación Secundaria
Obrigatoria e Post- Obrigatoria

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Un dos marcos de actuación para a redución da demanda do consumo de drogas é a promoción da educación para a saúde. Desde esta liña de intervención é conveniente seguir potenciando os procesos de posta á disposición da poboación, sobre todo da idade infantil, adolescente e xuvenil, de tódalas informacións, habilidades e capacidades que contribúan ó incremento de comportamentos e estilos de vida saudables, tanto individual como colectivamente.

Ó mesmo tempo, débese insistir en que, aínda que a educación para a saúde non se circunscribe ó medio escolar, este é un punto de referencia obrigado para ela. Nese sentido, a prevención do consumo de drogas formará parte da educación obrigatoria e non obrigatoria e centrarase, entre outras cousas, en dar información básica sobre drogas e outras condutas aditivas, en potenciar os factores de protección e diminuí-los de risco de consumo de drogas e en favorecer a busca de alternativas flexibles e adaptadas ás necesidades e aspiracións da comunidade escolar.

2.- OBXECTIVOS

- Dotar á comunidade educativa duns instrumentos de prevención adaptados a cada etapa educativa.
- Facilitar a comprensión global, toma de decisións e unha posición persoal dos mozos/as ante a saúde e o uso indebido de drogas e outras condutas aditivas.
- Dotar ao alumnado de coñecementos sobre o coidado do corpo e efectos da actividade física coa finalidade de que valoren os hábitos e as costumes sans como un dos aspectos básicos da calidade de vida.
- Dar ao alumnado unha información obxectiva e veraz que lles facilite unha análise crítica das drogodependencias e outras condutas aditivas.
- Dotar ao alumnado de habilidades e coñecementos que favorezan os seus factores de protección fronte as situacións de risco.



ASOCIACIÓN VIEIRO

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

Poboación final: alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e Post-Obrigatoria

Poboación mediadora: comunidade educativa (pais/nais, mestres e titores).

4.- METODOLOXÍA

Para conseguir os obxectivos do curso ímonos valer dunha metodoloxía caracterizada por ser, activa (a maior participación do alumnado maior aproveitamento do programa), construtiva (servindo de guía para un coñecemento máis axeitado) e interactiva (fomentando a cohesión grupal e unha boa relación coa educadora).

Cada unidade temática contén unha meta principal, unha serie de obxectivos específicos e actividades para ser traballadas na aula .

5.- CONTIDOS

- Información sobre o alcohol, o tabaco e outras drogas.
- Desenvolvemento da autoestima
- Habilidades sociais e de resistencia
- Fomento de valores saudables
- Toma de decisións
- Control emocional
- Fomento de actividades de ocio saudables

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros de Educación Secundaria Obrigatoria e Post-Obrigatoria



ASOCIACIÓN VIEIRO

7.- DURACIÓN

A duración do curso varía segundo o centro escolar e en función das necesidades detectadas.